RESUMO : A DIMENSIÓN PRÁCTICA DA CULTURA

As culturas son un todo complexo onde cada elemento pode aglutinar unha carga valorativa, algunha información descriptiva e unha dimensión práctica, tan só anivel de análise e estudo estas tres dimensión poden ser separadas e diferenciadas.

A dimensión práctica queda resaltada ao considerar a cultura como o conxunto de solucións que unha sociedade humana constrúe historicamente en resposta ás súas necesidades. Mais cómpre precisar que as necesidades non son só biolóxicas. A estas debemos engadir as sociais e as psíquicas.

Desde este nivel de análise entendemos a diversidade cultural pois é obvio que as solucións que cada cultura constrúe en resposta ás necesidades humanas son diferentes. A pouco que nos acheguemos a varias culturas apreciamos esta diversidade nas distintas técnicas empregadas en cada unha, nos diferentes coñecementos que cada lugar ten acumulado para executalas e nas valoracións das que técnicas e información están impregnadas.

No actual contexto de globalización a **antropoloxía aplicada** está insistindo na necesidade de non esquecer a dimensión práctica de todo elemento cultural. Actualmente, ao mesmo tempo que asistimos a unha dinámica de homoxeneización entre culturas ponse de manifesto a necesidade de valorar distintos repertorios de técnicas e outros elementos culturais de sociedades non hexemónicas, non por ser testemuño dunha vida pasada senón por sopesar a súa vixencia como modelo de vida, de producción, de relacións, etc… tan válido ou máis como as fórmulas occidentais que por todo o globo se están a espallar.